



**Título:** *Guía Medieval do peregrino*  
**Autor:** Aimerico de Poitiers  
**Traductor:** Xosé Eduardo López Pereira  
**Editorial:** Xerais Universitaria, Vigo / 1993

Entre o aluviión de publicacións relativas ó mundo xacobeo ó que temos asistido este ano, merece ser destacada unha moi especial: a traducción ó galego do libro V do Codex Calixtinus (Edicións Xerais. Universitaria. Vigo, 1993), que contén a primeira guía para peregrinos do Camiño de Santiago, composta por un tal Aimerico de Poitiers na primeira metade do século XII. O contido da obra responde á necesidade de promocionalo Camiño na Europa contemporánea, establecendo as súas etapas e os lugares de culto que cómpre visitar, describindo os principais accidentes xeográficos, precavendo ós peregrinos dos posibles riscos, facendo curiosos xuízos sobre o carácter dos pobos, e, na súa parte final, proporcionando un precioso documento sobre o urbanismo da Compostela medieval e a feitura arquitectónica e artística da catedral. Se a valía documental do libro é sobresaínte, quizáis o que máis impresione a un lector profano sexa a imaxe que proporciona do Camiño como realidade viva, non só pola atención prestada

á diversidade dos seus espazos e xentes, senón tamén pola idea de que a peregrinaxe vai dispensar a aquel que a emprenda un conxunto de aventuras e de experiencias transcendentales.

A traducción, sempre solta e atenta ás dificultades léxicas e sintácticas presentadas polo texto, así como ás diversas solucións propostas polos estudosos de mesmo, ven acompañada por un limiar e un rico aparato de notas que nos presentan dun xeito claro os principais problemas relativos á autoría, natureza e contido do texto, á vez que aclaran bo número de detalles relativos á toponimia, haxiografía e prosopografía medieval, esenciais para obter unha comprensión cabal do mesmo. A oportuna inclusión do texto latino orixinal, colacionado directamente do Codex da Catedral de Santiago, presta á publicación un valor engadido, non só de cara ós filólogos ou especialistas na historia e na arte medieval, senón tamén para calquera lector sensible á esa sorprendente vitalidade e colorido que conserva o latín

escrito medieval nunha época no que xa fora desplazado polas linguas románicas no plano da fala. Temos que facer, nembargante, unha obxección de carácter formal: a lectura contrastada de traducción e texto orixinal sería moito máis cómoda se no volume éstes viñense enfrontados páxina a páxina, e non separados como é o caso. Sorprende, a este respecto, que quizáis por simple rutina as editoriais sigan aténdose a unhas prácticas incómodas para o lector, e que, cós avances en materia de tratamento de textos, non teñen por qué plantexar ningún problema técnico serio.

O autor desta versión e o catedrático de latín da Universidade da Coruña Xosé Eduardo López Pereira, bo coñecedor desta parcela do saber histórico e filolóxico, e que leva anos comprometido coa tarefa de afondar nas raíces tardo-

antigas e medievais da cultura e a identidade histórica galega, como o proban o seu estudio sobre os escritores da *Gallaecia* na Antigüidade Tardía e a súa traducción ó galego doutro libro de viaxes abondo coñecido: o *Itinerarium de Exeria*, onde se nos conta as experiencias vividas por unha muller da fin da antiqüidade na súa peregrinaxe a Xerusalén e outros santos lugares. É unha afortunada coincidencia que gracias ó traballo do mesmo estudioso teñamos dende agora á nosa disposición dúas testemuñas de valor universal sobre os itinerarios, físicos e espirituais, dos nosos antigos devanceiros.

*Fernando González Muñoz*